

Obxecto:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto Sectorial (PS)
Proxecto:	Parque eólico Alto da Telleira
Localización:	A Cañiza e Covelo (Pontevedra)
Promotor :	Sociedad Alto da Telleira S.L.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
S/clave:	IN661A 2011/3-4
Data rexistro:	15.12.2021 (EslA+PS) e 30.05.2022 (Documentación complementaria)
Expedientes:	03.I.432.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA971/2011 (Servizo de Arquitectura)

O 15.12.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos nomeados "*Estudio de Impacto Ambiental Parque eólico Alto da Telleira Rev-02, septiembre 2021*" e "*Proyecto Sectorial modificado Parque eólico Alto da Telleira, octubre 2021*", *Proyecto Técnico PE Alto da Telleira, noviembre 2021* e *Proyecto Técnico Subestación Alto da Telleira 220/30kV, noviembre 2021* nos termos municipais de A Cañiza e Covelo (Pontevedra).

O 30.05.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da documentación complementaria achegada polo promotor en resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 03.05.2022. Facilítase a ligazón para descargar os documentos nomeados "*Addenda á Memoria II de Avaliación de impacto patrimonial do proxecto do Parque eólico Alto da Telleira, maio 2022*", nos termos municipais de A Cañiza e Covelo (Pontevedra).

ANTECEDENTES:

O 03.05.2022 a DXPC emitiu un informe sobre os documentos "*Estudio de Impacto Ambiental Parque eólico Alto da Telleira Rev-02, septiembre 2021*" e "*Proyecto Sectorial modificado Parque eólico Alto da Telleira, octubre 2021*" no que, ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, establecéronse as seguintes consideracións:

- *Incorporarase ao EslA unha avaliación de impacto do xacemento Túmulo de Moncelos GA 36009085. Tendo en conta, que as obras de acondicionamento dos viarios nº 5 e nº 8 poden afectar a súa área de protección integral, deberase redeseñar o emprego deste viario como acceso para evitar afeccións ao ben.*
- *Deberase confirmar a existencia/ausencia de dous posibles túmulos nas coordenadas:*
 - *Posible Mámoa 1: X: 557.195 e Y: 4.678.424 (ETRS89/UTM F-29).*
 - *Posible Mámoa 2: X: 556277 e Y: 4677687 (ETRS89/UTM F-29).*

No caso de confirmarse a presenza de novos xacementos avaliarase o impacto que sobre os mesmos xera infraestrutura eólica, cualificarase o impacto ocasionado e proporanse as medidas protectoras e correctoras que se consideren axeitadas. Coa fin de actualizar o Inventario de Xacementos Arqueolóxicos e así dar cumprimento ao artigo 10.3. do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997), elaborárase ficha individualizada que conteña unha descrición pormenorizada do ben e a documentación gráfica necesaria para que quede constancia do ben no devandito documento.



- *Dado que a referencia arqueolóxica Túmulo do Picouto/Montefrío RE 36009001, confirmouse como un novo xacemento arqueolóxico durante o traballo de campo derivado deste EsIA, será necesario remitir ao Servizo de Arqueoloxía da DXPC unha ficha individual con descritiva pormenorizada e apartado gráfico detallado que permita incorporar o ben ao Inventario de Xacementos arqueolóxicos de Galicia. A ficha debe especificar que o ben patrimonial é actualmente a referencia RE 360090001. O Túmulo do Picouto/Montefrío recibirá o código GA 36009089 e debe ser grafado como tal na cartografía oficial do EsIA e do Proxecto Sectorial.*
- *A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.*
- *Axustarase o emprazamento do aeroxerador AT4 e as obras necesarias para a súa instalación de xeito que se afasten o máximo posible dos marcos nº 10 e 5, co fin de que aínda que se desmonten provisionalmente, de ser necesario para realizar as obras, podan volver ao seu emprazamento respectándose o seu contorno próximo.*
- *Con respecto ao foxo do lobo de Fontefría, coa finalidade de respectar as ladeiras que conforman o seu entorno e preservar o camiño de acceso a el, deberase eliminar a zona de acopio proposta e recolocala no lado oposto do camiño existente.*
- *Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.*
- *Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. (DOG núm. 126, do 04.07.2022)*



Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación complementaria remitida o 30.05.2022:

A documentación remitida polo Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra, *"Addenda á Memoria II de Avaliación de impacto patrimonial do proxecto do Parque eólico Alto da Telleira, maio 2022"* aclara e completa a *Memoria de Impacto Patrimonial-2º revisión*, que constitúe o Anexo H do documento ambiental, conforme ás consideracións do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 03.05.2022. En concreto:

- Respecto do *Túmulo de Moncelos* **GA 36009085**, e segundo a arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín, *"non se trata dun xacemento megalítico senón dunha elevación alongada produto da apertura ou arranxo das pistas forestais existentes"*. En calquera caso, propónse como medida correctora específica a realización dunha limpeza de vexetación con antelación ao inicio da obra que permita confirmar ou descartar a presenza deste posible xacemento arqueolóxico. Este control realizaríase dentro do control específico da denominada *Área de Coto do Foxo Moncelo*. En relación aos traballos de acondicionamento da pista que pasa a beira sinálase que *"non será preciso ningún tipo de ampliación nas pistas existentes xa que a anchura actual é considerable e restaría aportar algún tipo de grixo para uniformizar a rasante"*.
- Con respecto as anomalías topográficas do terreo que poderían corresponderse con mámoas sinálase que:
 - A posible Mámoa 1 (X: 557.195 e Y: 4.678.424) non se puido inspeccionar axeitadamente a zona debido a tupida vexetación que hai, pero que a impresión inicial e que se trata dunha formación artificial provocada pola apertura da pista que está a beira. Propónse neste senso, como medida correctora específica, que se limpe a zona durante o control arqueolóxico xa establecido para a *Area de Coto do Foxo Moncelo*.
 - A posible Mámoa 2 (X: 556277 e Y: 4677687) correspóndese cunha elevación natural orixinada por un afloramento granítico.
- No que respecta ao *Túmulo do Picouto/Montefrío* **GA 36009089** aportase a correspondente ficha para que sexa incluído no Inventario de Xacementos arqueolóxicos de Galicia.
- O apartado 4. *Outras consideracións técnicas* aclara a información aportada sobre a necrópole das Mámoas de Fontefría e sobre o *Petróglifo de Coto Cabrito* **RE 36013001**. Con respecto, a este último elemento propónse que durante o control arqueolóxico da obra se realice a limpeza de vexetación do afloramento no que se xeolocaliza actualmente para comprobar a existencia das cazoletas.
- Respecto aos marcos territoriais nº 5 e 10, apórtase máis información e documentación catastral para xustificar que a posición actual destes marcos xa non é a orixinal do deslinde entre concellos. Asemade propónse, nesta adenda, o control arqueolóxico no replanteo do aeroxerador AT4 para confirmar que ambos marcos poderán manterse no seu emprazamento, axustando as dimensións das infraestruturas asociadas ao aeroxerador.
- Respecto á zona de acopio prevista inicialmente na ladeira do foxo de lobo de Fontefría, indícase que será colocada noutro lugar afastado do elemento que aínda está sen definir.
- Respecto ao itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e a que detallan as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc..) indícase que no caso de resultar necesario realizar obras a maiores das especificadas no documento informado e que poidan afectar a elementos do patrimonio cultural, serán comunicadas á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- O proxecto de parque eólico Alto da Telleira en tramitación é unha modificación do parque eólico que obtivo a DIA en decembro de 2013. A Alternativa elixida (Alternativa A) supón supón a construción dun parque eólico composto de 9 aeroxeradores, 6 deles de potencia nominal 5,6MW e os 3 restantes de potencia nominal de 4,8MW, o que supón unha potencia total instalada de 48MW. Os aeroxeradores identificados como 1, 2, 4, 5, 6 e 8 serán do modelo VESTAS V162 de



5,6MW cunha altura de buxe de 119m e 162m de diámetro de rotor. Os aerogeradores identificados como 3 e 7 serán modelo VESTAS V162 de 4,8MW coa mesma altura de buxa e diámetro de rotor que o modelo anterior. Finalmente, a máquina identificada como nº 9 será modelo VESTAS V150 de 4,8MW cunha altura de buxa de 105m e un diámetro de rotor de 150m.

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras das infraestruturas e os seus accesos e que son identificados na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Anexo H do EsIA e a súa addenda, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- A nova documentación cumpre cos requirimentos establecidos no informe de 03.05.2022 da DXPC. Con todo é necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de bens ou restos de interese arqueolóxico non detectados ate o de agora, que aínda non estean recollidos nos inventarios.
- Segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aerogerador instalado. Neste senso debemos recordar que, se finalmente se constrúe o aerogerador AT-07, o contorno de protección do *Petróglifo de Coto Grande* **GA 36009079** quedará parcialmente dentro de solo rústico de protección de infraestruturas vinculado a área de afección do devandito aerogerador.
- O parque afectará de cheo ao Itinerario patrimonial Mámoas de Fontefría. Unha gran parte da traza deste sendeiro cultural será empregada como viario de acceso ao parque.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, emite o seguinte

INFORME:

En atención ao expresado no apartado anterior e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, infórmase de xeito **favorable** os documentos nomeados *"Estudio de Impacto Ambiental Parque eólico Alto da Telleira Rev-02, septiembre 2021"* e *"Proxecto Sectorial modificado Parque eólico Alto da Telleira, octubre 2021"*, nos termos municipais da Cañiza e Covelo (Pontevedra). En todo caso, deberanse considerar as medidas correctoras e compensatorias establecidas no Anexo H do EsIA e a súa addenda, e as seguintes condicións:

- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o **control e seguimento arqueolóxico** das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no documento de EsIA e nas denominadas *Area do Alto de Fontefría* e *Area de Coto do Foxo Moncello*; realizándose un especial seguimento dos traballos de roza, así como o control dos perfís e cortes que se xeren durante a apertura e instalación das infraestruturas. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos.

A tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O proxecto deberá incorporar as medidas correctoras xerais e específicas incluídas no Anexo H do EsIA e na Addenda ao mesmo.

- O replanteo das infraestruturas do aerogerador AT4 realizarase baixo control arqueolóxico, prestando atención ao emprazamento dos marcos territoriais nº 5 e 10.



- Previo ao inicio das obras indicárase a situación do novo emprazamento da zona de acopio, que deberá respectar as ladeiras que conforman o entorno o Foxo dos Lobos e preservar o camiño de acceso a el.
- A limpeza superficial do afloramento no que actualmente se atopa xeolocalizado o *Petróglifo do Coto Cabritos* **RE 36013001**, poderá dar lugar, se é o caso, ao desprazamento da infraestrutura proxectada.
- Tendo en conta que non é viable o emprego doutro viario de acceso á infraestrutura eólica e que será necesario realizar obras de acondicionamento (desmontes, terrapléns, cunetas...) nos aproximadamente 1.840m que discorren polo contorno de protección do conxunto arqueolóxico formado pola *Necrópole megalítica das Mámoas de Fontefría* e o *Petróglifo de Coto Grande* **GA36009079**, estímase que ademais das medidas correctoras establecidas no EslA será necesario que se leve a cabo, como medida complementaria, un **proxecto de posta en valor** dos devanditos bens arqueolóxicos. Este proxecto debe ter en conta a existencia do *Itinerario patrimonial Mámoas de Fontefría* e como mínimo debe contemplar:
 - unha intervención arqueolóxica mediante amplas sondaxes manuais sobre os xacementos **GA 36009066**, **GA 36009067** e **GA 36009068**, que permitan valorar o grado de conservación dos xacementos.
 - o control da roza e a instalación de sinalética de tódolos túmulos que conformen a necrópole.
 - a necesidade de limpeza periódica dos bens arqueolóxicos postos en valor e vinculados ao Itinerario patrimonial Mámoas de Fontefría, así como a revisión da sinalética implantada. Estes traballos de mantemento deben ser sufragados polo promotor eólico e estarán vinculados as rozas de limpeza das áreas de afección da infraestrutura eólica, que se realizan periodicamente durante a fase de funcionamento do parque. En todo caso, estas obras deben ser realizarse baixo control arqueolóxico e ser autorizadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Unha vez rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos do patrimonio cultural. Se é necesario, redactaranse e presentaranse, como anexo a Memoria Técnica derivada do Proxecto de control e seguimento arqueolóxico, fichas actualizadas e individualizadas daqueles bens arqueolóxicos que sufriron algún tipo de modificación.
- Durante a fase de mantemento do parque, segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aeroxerador instalado. O contorno de protección do *Petróglifo de Coto Grande* **GA 36009079** atópase parcialmente dentro da área de afección do aeroxerador AT-07, polo que calquera intervención (incluída a roza de maleza e corta de arborado) que se leve a cabo dentro da súa área de protección terá que ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Respecto do proxecto sectorial, na planimetría de clasificación urbanística proposta incluírase e reflectirase a información actualizada de tódolos bens patrimoniais recollidos no Estudo de Impacto Patrimonial, así como os seus contornos de protección.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, aplicarase o establecido no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.



- Deberase informar aos concellos da Cañiza e Covelo, da nova información patrimonial derivada do EslA para que actualicen o catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística.

Toda vez que este informe emítese dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou os Concellos previa concesión de licenza deberán remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

